



EXPEDIENTE 2025/E001/000005. Proceso de selección para a contratación de persoal ao abeiro da subvención para o fomento do emprego no medio rural (APROL Rural) 2025.

Lista de admitidos e excluídos, nomeamento de tribunal e data do proceso de selección.

ANTECEDENTES

16.05.2025. Por Decreto da Alcaldía n.º 152/2025, aprobáronse as bases e a convocatoria para do proceso de selección para a contratación de persoal ao abeiro da subvención para o fomento do emprego no medio rural (APROL Rural) 2025.

22.05.2025. Anuncio convocatoria e Bases de selección. (BOP. Núm 96)

28.05.2025. Presentación da oferta no Servizo Público de Emprego de Galicia-Oficina de Santiago Norte nos modelos normalizados para o efecto, facendo referencia ós requisitos e características que deben reunir os/as candidatos/as para o adecuado desempeño das funcións inherentes ó posto de traballo ofertado.

06.06.2025. Resultado da selección remitido polo Servizo Público de Emprego de Galicia-Oficina de Santiago Norte.

09.06.2025 Solicitudes de participación que figuran no listado remitido polo Servizo Público de Emprego de Galicia de conformidade coa oferta de emprego presentada por este concello (oferta 12-2025-4878 - Condutores-operadores de maquinaria forestal con motor, en xeral):

APELIDOS E NOME	DNI	OBSERVACIÓNS
Pereiro Mella Carlos José	***9194**	Participa no proceso
Segade Parrado José Luís	***8665**	Participa no proceso

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.
- Decreto 95/91, de 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección do persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia no que non se opoña á Lei 2/2015, de emprego público de Galicia.
- Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado.
- Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.
- Orde do 5 de marzo de 2025 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2025, publicada no DOG. núm. 50 do 13 de marzo de 2025.
- Decreto da Alcaldía n.º 152/2025, aprobáronse as bases e a convocatoria para do proceso de selección para a contratación de persoal ao abeiro da subvención para o fomento do emprego no medio rural (APROL Rural) 2025.



RESOLUCIÓN:

PRIMEIRO. Aprobar a listaxe de admitidos ao proceso selectivo mediante oposición dunha persoa traballadora como Condutores-operadores de maquinaria forestal con motor, en xeral, tractorista, en réxime laboral temporal para a mellora de ocupabilidade e a inserción laboral, por un período de 12 meses a xornada completa.

APELIDOS E NOME	DNI	ACREDITACIÓN CELGA
Pereiro Mella Carlos José	***9194**	SÍ
Segade Parrado José Luís	***8665**	NON

SEGUNDO. Nomear ao tribunal cualificador do proceso de selección que terá a seguinte composición:

- Presidente: Manuel Santiago Neira Gómez, axente ambiental no Distrito Forestal III (Consellería do Medio Rural).
- Secretario: Miguel Ángel Liste Otero motobombista e tractorista no Distrito Forestal III (Consellería do Medio Rural)
- Vogal 1º: Manuel Rodríguez Calvo, conductor encargado tractor Concello de Touro.
- Vogal 2ª: Paula Martínez Cereijo, auxiliar administrativa do Concello de Touro.
- Vogal 3ª: María Carmen Becerra Carlín, auxiliar servizos sociais Concello de Touro.

TERCEIRO. Fixar a data para a sesión do Tribunal (constitución e realización da fase de oposición) para o xoves 19 de xuño de 2025 ás 9.30 horas na “Nave de Servicios Municipales” situada en Rúa Río Ulla nº 5 – Fonte Díaz – Touro.

CUARTO. Publicar a presente no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica municipal.

QUINTO. Darlle conta desta resolución ao Pleno do Concello na primeira sesión ordinaria que teña lugar.

Manda e asina, o sr. alcalde, en Touro, na data da sinatura electrónica ao marxe, asinando eu, como secretario-interventor, aos efectos exclusivos de transcripción ao Libro de decretos como garantía da súa autenticidade e integridade e para dar cumprimento ao establecido no artigo 2.1 do Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, sobre os libros de actas e resolucións das entidades locais galegas.

José López González, secretario-interventor

Roberto Castro Rocamonde, alcalde-presidente